

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9 DE MARZO DE 2015.**

**Presidente:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.  
D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.  
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 10/2015 DE 2 DE MARZO DE 2015.**

Acordouse aprobar a acta núm. 10/2015, correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 2 de marzo de 2015 e proceder a súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN dunha finca con referencia catastral 9292502NH6199S0001TD, sita en Pazo, Soutolongo, Lalín.**



### **3.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.**

**3.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS, para o acondicionamento de almacén en supermercado sito no local 2 do Centro Comercial Deza-Lalín.**

**3.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reparacións na Igrexa Parroquial de Val do Carrio, Lalín.**

**3.3.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a construción dun muro de peche na parcela con referencia catastral rústica 36024A221002750000YY, sita no lugar de Filgueiroa, Donramiro, Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 26/02/15 por importe de de 148,26 euros en concepto de ICIO.**

### **4.- RECOÑECIMENTO DE EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS.**


**4.1.- Acordouse aprobar o informe técnico do Enxeñeiro Técnico Municipal de data 25/02/2015 en relación ao recoñecemento dunha explotación agropecuaria existente na parcela con referencia catastral nº 36024A021000660000AD, sita en Camiño Real, Bermés, Lalín; recoñecer dita explotación e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 03/03/15 por importe de 909,14 euros en concepto de ICIO.**

### **5.- AUTORIZACIÓN PARA A COLOCACIÓN DE VALADO CON OCUPACIÓN TEMPORAL DA VÍA PÚBLICA.**

**5.1.- Acordouse CONCEDER AUTORIZACIÓN PARA A COLOCACIÓN DUNHA VALLA CON OCUPACIÓN TEMPORAL DA VÍA PÚBLICA para a execución da obra denominada “Acondicionamento do edificio da antiga biblioteca municipal”, na rúa Pintor Laxeiro nº 26, esquina coa rúa Manuel Rivero, nº 1, Lalín.**

### **6.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL.**

**6.1.- Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente facturas por un importe total de 36.825,67 €, e dar traslado da presente resolución á intervención municipal.**



## **7.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

**7.1.-** Acordouse contratar a 4 **peóns de obras públicas** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015, e solicitar un novo sondeo á Oficina de Emprego de Lalín para a cobertura de outros 3 postos.

**7.2.-** Acordouse contratar a un **peón albanel** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015, e solicitar un novo sondeo á Oficina de Emprego de Lalín para a cobertura de outros 3 postos.

**7.3.-** Acordouse contratar a un **peón canteiro** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015, e solicitar un novo sondeo á Oficina de Emprego de Lalín paraa cobertura de outro posto.

**7.4.-** Acordouse solicitar un novo sondeo á Oficina de Emprego de Lalín, ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015, dado que ningún dos candidatos superou o proceso selectivo realizado por absoluta falta de cualificación na realización da proba práctica de **1 peón carpinteiro**.

**7.5.-** Acordouse solicitar un novo sondeo á Oficina de Emprego de Lalín, ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015, dado que ningún dos candidatos superou o proceso selectivo realizado por absoluta falta de cualificación na realización da proba práctica de **1 peón fontaneiro**.


**7.6.-** Acordouse contratar a a un **peón electricista**, ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

**7.7.-** Acordouse contratar a 2 **condutores de tractor desbrozadora**, ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

**7.8.-** Acordouse contratar a 2 **ordenanzas** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

**7.9.-** Acordouse contratar a dos **auxiliares administrativos** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

**7.10.-** Acordouse contratar a 5 **operarios de limpeza** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.



**7.11.-** Acordouse contratar a 2 **peóns de xardineiro** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

**7.12.-** Acordouse contratar a 2 **peóns de pintor** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

**7.13.-** Acordouse Contratar a un **socorrista** ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

## **8.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

**8.1.-** Acordouse aprobar **Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, para a realización, pola Escola de Canteiros, dunha replica do Tímpano de Palmou do século XII**, de data 13 de febreiro de 2015.


**8.2.-** Acordouse aprobar **Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Escudería Lalín-Deza para a celebración do XXIº Rallye do Cocido.**

**8.3.-** Acordouse aprobar o **Protocolo de Cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo de Galego de Saúde e o Concello de Lalín, no que se establecen as bases para o estudo de viabilidade dun Centro de Alta Resolución (CAR), de data 24 de febreiro de 2015.**

## **9.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**9.1.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“RECRECIDO DE FIRME E MELLORA PISTA PRAIA VILATUXE, AGRUCHAVE E TORGUEDO CATASÓS, ATEÁN, GOIÁS E OUTROS” (PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015) (CO022015)**, mediante procedemento negociado, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 209.617,33 € (IVE incluído) e un prazo de execución dun mes.

**9.2.-** Acordouse nomear Director de obra e Coordinador de Seguridade e Saúde a D. José Varela Calvo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal para o proxecto de **“MELLORA DE CAMIÑOS EN LALÍN PLAN MARCO 2014-2015”**.



## **10.- FACTURAS E CONTAS.**

**10.1.-** Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **68.584,50 euros**.

## **11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**11.1.-** Acordouse aprobar a concesión de dúas axudas de inclusión social para sufragar gastos de aloxamento por importe de 150,00 €, cada unha a aboar aos propietarios das vivendas.

**11.2.-** Acordouse minorar o importe de 1.000 €, inicialmente concedidos ao abeiro das Bases reguladoras da concesión de axudas para a creación de empresas por importe de 1.000 €, debido á xustificación parcial da subvención concedida á beneficiaria, resultando un importe de 579,81 €, conforme coa xustificación presentada.

**11.3.-** Acordouse a baixa no SAF para persoas en situación de dependencia de un usuario.


## **12.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**12.1.-** Acordouse corrixir o erro detectado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 18/02/2015 en relación ao pago de factura en concepto de impartición de clases colectivas no Lalín Arena no período de xaneiro de 2015.

## **13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**13.1.-** Acordouse a **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, para o vado permanente número 145 ubicado na Rúa Rosalía de Castro, nº 30 baixo (Lalín).





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

**13.2.-** Acordouse a autorización a **Compromiso por Galicia** para poder realizar unha enquisa de contido económico-social, a pé de rúa e con megafonía o día 14 de marzo de 2015, ás 13:00 horas na Praza da Igrexa de Lalín.

=====

